

Contratación administrativa de servizos para a xestión e explotación da cafetería do Parlamento de Galicia

Esixencias do prego de prescricións técnicas:

- cláusula sexta.- Execución do contrato.

5. O cadro mínimo de persoal requirido para atender o servizo será o seguinte:

- 1 cociñeira/o.
- 1 axudante de cociña.
- 4 camareiras/os.

Existirá un encargado da empresa, que será o responsable xerárquico do persoal que realice os seus servizos no Parlamento de Galicia, actuará como interlocutor habitual entre a empresa e a institución e terá plena dispoñibilidade.

Non obstante, o contratista deberá contratar o persoal preciso para atender o devandito servizo, e con este fin deberá facer novas contratacións cando así sexa requirido polo Parlamento de Galicia.

- cláusula décimo primeira.- Limpeza

A limpeza xeral dos locais deberase realizar fóra do horario normal de funcionamento fixado para o servizo e, puntualmente, sempre que sexa necesario.

Os recipientes e contedores do lixo estarán perfectamente limpos e recollidos nunha zona que se indicará. Esta tarefa realizarase diariamente.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, correspóndelle ao contratista manter, durante todo o horario de funcionamento do servizo, a cociña, a barra, as mesas e os demais lugares de uso común nun óptimo estado de presentación e limpeza, así como adoptar as medidas de organización de traballos que se precisen para garantir a maior axilidade e calidade do servizo e a súa utilización polos usuarios nas mellores condicións de hixiene e decoro.

A limpeza e desinfección, a desinsectación e a desratización das estancias destinadas á prestación do servizo, almacén, cociña, cafetería e comedores serán por conta do adxudicatario, que deberá manter todo en óptimas condicións hixiénicas e sanitarias, sen que as instalacións sufran dano como consecuencia do uso das máquinas, dos útiles ou dos produtos inadecuados que poidan afectar a súa substancia ou aparencia.

Os traballos de desinfección, desinsectación e desratización realizaranse periodicamente e coa frecuencia que determine o Parlamento, e sempre logo de comunicación á Cámara, por empresa administrativamente autorizada, e deberase presentar por escrito a xustificación da realización daqueles.

O Parlamento de Galicia designará un representante ante o adxudicatario, que controlará o estado de limpeza e sanitario das instalacións en calquera momento, e que realizará por escrito en relación con el cantas indicacións coide precisas.

Relación de persoal contratado pola actual empresa adxudicataria:

Categoría	Antigüidade	Tipo Contrato	Xornada	% sobre xornada	Complementos retributivos	Convenio Colectivo
Camareira	01-02-2008	100	40h	100 %	segundo Convenio	Hostalaría
Cociñeira	02-01-2009	100	40h	100 %	1.353,30 € *	Hostalaría
Camareira	27-04-2010	100	40h	100 %	segundo Convenio	Hostalaría
Camareiro	21-10-2010	401	40h	100 %	segundo Convenio	Hostalaría
Encargado 2ª	01-11-2012	189	40h	100 %	1.500,00 € *	Hostalaría
Axudante de cociña	01-09-2015	189	40h	100 %	segundo Convenio	Hostalaría
Limpadora	23-05-2016	502	10h	25 %	segundo Convenio	Hostalaría

* Fixo mensual bruto